

Resolución do 13 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula o proxecto *Educación Dixital de Galicia (E-Dixgal)* e a convocatoria para a selección de novos centros participantes para o curso 2025/26

A incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación no ámbito educativo e, en particular, nos procesos de ensino e aprendizaxe, consolidouse na Comunidade Autónoma de Galicia como un elemento fundamental para a transformación metodolóxica do sistema educativo. Lonxe de limitarse á dixitalización dos materiais didácticos tradicionais, a integración de recursos dixitais ofrece novas oportunidades para fortalecer o desenvolvemento de competencias clave no alumnado e propiciar a implementación de metodoloxías docentes innovadoras, acordes coa evolución do paradigma educativo actual.

Nesta liña, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aposta pola integración das tecnoloxías dixitais no ámbito educativo como unha estratexia clave para a modernización do sistema de ensino.

Así, no curso 2010/11 iniciase o Proxecto Abalar co obxectivo de facilitar a incorporación das TIC nas aulas, promovendo a dixitalización dos centros educativos e dotándoos de equipamento tecnolóxico. Co paso dos anos, esta iniciativa evolucionou ata dar lugar no curso 2014/15 ao proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal), concibido como unha proposta experimental para impulsar o uso de materiais dixitais tanto en 5º e 6º de educación primaria como en 1º e 2º da educación secundaria obrigatoria. A súa consolidación e a demanda crecente da comunidade educativa levaron á súa progresiva ampliación, estendéndose a 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria no curso 2021/22. De tal forma, E-Dixgal converteuse nun referente na transformación dixital do ensino en Galicia, dando resposta aos desafíos tecnolóxicos e metodolóxicos do século XXI.

Coa finalidade de continuar avanzando cara a unha educación equilibrada na que a tecnoloxía e os métodos convencionais se complementen de maneira eficaz, E-Dixgal consolida un modelo de ensino híbrido que combina materiais dixitais e recursos en papel. A combinación equilibrada entre ferramentas dixitais e materiais analóxicos permite unha aprendizaxe máis completa e adaptada ás necesidades do alumnado que promoverá a comprensión dos contidos e o desenvolvemento do pensamento crítico.

O proxecto E-Dixgal afianza unha ensinanza máis dinámica e accesible, aproveitando o mellor de ambos os formatos para enriquecer o proceso de aprendizaxe, e atendendo aos dereitos e á seguridade do alumnado, así como ás diversas realidades e





preferencias dos estudantes, docentes e familias.

Así mesmo, a Consellería continúa a traballar na ampliación e calidade do repositorio de contidos que pon a disposición do profesorado a través de diferentes actuacións como o proxecto cREAgal que facilitará recursos educativos abertos e de calidade, cun enfoque metodolóxico innovador.

Consecuentemente, para seguir avanzando na mellora do sistema educativo galego e, de xeito especial, na mellora das competencias do alumnado, e co fin tamén de convocar os centros ao proxecto E-Dixgal, enmarcado na Estratexia de Galicia Dixital 2030 da Xunta de Galicia e mais na Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto regular, establecer as bases e convocar a selección de novos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que participen no proxecto E-Dixgal durante o curso 2025/26.

Ademais, dará continuidade aos centros participantes no proxecto E-Dixgal durante o curso 2024/25 nas condicións establecidas nesta resolución.

Segundo. *O proxecto E-Dixgal*

O proxecto E-Dixgal desenvólvese no último ciclo da educación primaria (en diante, EP) e nos dous ciclos da educación secundaria obrigatoria (en diante, ESO).

1. Esta nova convocatoria E-Dixgal dá continuidade ao proxecto anterior pero impulsando un **modelo híbrido** que favorece un uso equilibrado dos recursos dixitais e analóxicos ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe, garantindo unha distribución adecuada do tempo entre os diferentes recursos.
2. Tanto o profesorado como o alumnado dos centros participantes no proxecto E-Dixgal disporán da infraestrutura tecnolóxica e da rede necesaria para desenvolver o seu traballo na aula. Ademais, terán acceso a unha contorna virtual de aprendizaxe con contidos gratuítos proporcionados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería).





Terceiro. Destinatarios

Todos os centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería que impartan no curso 2025/26 ensinanzas de 5º e 6º de EP e/ou 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Cuarto. Incorporación de novos centros ao proxecto E-Dixgal

A implementación do proxecto abrangue os cursos de 5º e 6º de EP e/ou 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. Os centros poderán desenvolverlo en cada unha desas etapas ou, de ser o caso, en ambas as dúas etapas á vez.

A posta en marcha do proxecto levarase a cabo tal e como se indica a continuación:

1. Etapa de EP:

- 1.1. O proxecto desenvolverase en 5º de EP durante o curso 2025/26 e estenderase a 6º de EP para o curso 2026/27.
- 1.2. Os centros educativos participantes contarán con recursos dixitais para todas as materias no Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA).
- 1.3. Adicionalmente, os centros poderán escoller ata 3 libros de texto de conformidade co apartado quinto.

2. Etapa de ESO:

- 2.1. O proxecto desenvolverase en 1º de ESO durante o curso 2025/26 e estenderase nos cursos sucesivos ata completar a etapa (1º e 2º de ESO no curso 2026/27; 1º, 2º e 3º de ESO no curso 2027/28 e, finalmente, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO xa no curso 2028/29).
- 2.2. A incorporación será progresiva no caso dos centros que xa contan con E-Dixgal en 1º e 2º de ESO no curso 2024/25 e que soliciten ampliar a súa participación para 3º e 4º de ESO (1º, 2º e 3º de ESO no curso 2025/26 e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO no curso 2026/27).
- 2.3. Os centros educativos de nova incorporación deberán elixir un mínimo de seis materias para a súa docencia empregando materiais de referencia dixitais.

Para este cómputo mínimo, non se considerarán as materias cunha carga lectiva de só unha ou dúas sesións semanais, salvo no caso de "Segunda lingua estranxeira" ou "Física e Química" e "Bioloxía e Xeoloxía" do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria.

- 2.4. Adicionalmente, os centros poderán escoller ata 2 libros de texto de conformidade co apartado quinto.





Quinto. Incorporación de libros de texto e financiamento

1. Todos os centros participantes no proxecto E-Dixgal, tanto de nova incorporación como de continuidade, no curso 2025/26 poderán incorporar, previa aprobación do Consello escolar, libros de texto de acordo co establecido a continuación:

a) Etapa de EP

Os centros poderán escoller ata un máximo de 3 libros de texto para incorporar a cada nivel educativo no que se estea a desenvolver o proxecto E-Dixgal, no curso 2025/26. As materias que vaian a contar con libros de texto seleccionaranse entre as que teñan tres ou máis períodos lectivos á semana.

b) Etapa de ESO

Os centros poderán escoller ata 2 libros de texto financiados correspondentes a materias obrigatorias que teñan tres ou máis períodos lectivos á semana, en cada nivel educativo no que se estea a desenvolver Edixgal no curso 2025/26.

Para os centros de nova incorporación, as materias con libros de texto susceptibles de financiamento non poderán coincidir coas designadas no apartado cuarto punto 2.3.

Para os centros de continuidade, as materias con libro de texto determinaranse entre as materias que non foron declaradas E-Dixgal en XADE no curso 2024/25.

2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica trasladará ao Claustro de profesores para a súa aprobación, a proposta da selección das materias que contarán con libro de texto.

Para esta escolla, terase en conta o establecido na Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.

3. Todos os centros participantes no proxecto E-Dixgal no curso 2025/26, que decidan incorporar libros de texto, terán acceso a axudas para a súa adquisición.

O centro adquirirá os libros de texto que sexan necesarios para garantir o seguinte:

a) Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.

- En primaria, financiaranse os libros que determine o centro, ata un máximo de 3.
- En secundaria, financiaranse os libros que determine o centro, ata un máximo de 2.





b) Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €.

- En primaria, financiaranse os libros que determine o centro, ata un máximo de 2.
- En secundaria, financiarase o libro (1) que determine o centro.

c) Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, con independencia da renda:

- En primaria, financiaranse os libros que determine o centro, ata un máximo de 3.
- En secundaria, financiaranse os libros que determine o centro, ata un máximo de 2.

O importe máximo que aboará a consellería a cada centro por cada libro será de 40 € en EP e 45 € en ESO.

4. A Consellería establecerá o trámite para a comprobación dos datos sinalados no punto anterior no procedemento que se determine a tal efecto.

Sexto. Proxecto de participación e requisitos

1. Os centros deberán deseñar un proxecto que conte cos seguintes apartados:

- a) Diagnóstico inicial: Analizarase a situación actual do centro en termos de recursos tecnolóxicos, competencias dixitais do profesorado e necesidades educativas do alumnado.
- b) Obxectivos: Definiranse os obxectivos que se queren acadar coa implantación do proxecto E-Dixgal no centro, así como as melloras da aprendizaxe e o fomento da inclusión educativa que se lograrán a través del.
- c) Infraestrutura tecnolóxica: Indicaranse os recursos tecnolóxicos e a velocidade da conexión á rede do centro educativo.
- d) Persoa coordinadora do proxecto e horario de coordinación.
- e) Currículo dixital: Detallarase a integración da tecnoloxía nas actividades diarias da aula, garantindo a aplicación do modelo híbrido definido nesta convocatoria.
- f) Política de uso responsable: Estableceranse as normas claras para o uso das tecnoloxías, tanto por parte do alumnado como do profesorado
- g) Implicación da comunidade educativa: Indicaranse as medidas para involucrar





ás familias, ao alumnado e ao persoal docente e non docente na planificación e desenvolvemento do proxecto.

- h) Materias e niveis con uso de libros de texto: Identificaranse as materias que incorporen un uso de libros de texto, así como aquelas integradas no proxecto E-Dixgal de acordo co establecido no apartado quinto.
 - i) Seguimento e avaliación: Indicaranse os mecanismos a través dos que se medirá e avaliará o alcance do proxecto e realizaranse axustes segundo sexa necesario.
 - j) Aprobación do proxecto: Trasladaranse os datos da aprobación do proxecto de participación en E-Dixgal tanto do Claustro de profesorado coma do Consello Escolar.
 - k) Calquera información considerada relevante e susceptible de ser tomada en conta para a selección do centro.
2. O centro deberá contar con aulas dixitalizadas (cos elementos do kit de aula dixital: panel dixital ou EDI e proxector, equipo de aula e conexión á rede de datos do centro) en todas as aulas implicadas no proxecto, así como unha conexión de datos cunha velocidade nominal mínima de baixada de 100 Mbps.

Sétimo. *Proceso de solicitude, prazo de presentación e de emenda*

1. A solicitude realizarase única e exclusivamente a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/> e nela consignarase a información do proxecto que se especifica no apartado sexto.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen teña o permiso para creación e presentación da solicitude na aplicación informática mencionada. O documento que recolla a solicitude de cada centro xerado por esta aplicación non ten que remitirse por outra vía e será custodiado no centro como xustificante.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Portal Educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

3. Finalizado o devandito prazo, publicarase no portal educativo a listaxe de centros solicitantes. No caso de faltaren datos ou de que o centro non cumpra os requisitos, abrirase un prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte desta publicación co fin de axustar a solicitude aos requirimentos desta convocatoria. Este trámite de emenda realizarase a través do aplicativo programas educativos.



Oitavo. Selección dos centros

1. Seleccionaranse ata 20 centros de nova incorporación, garantindo a proporcionalidade entre eles segundo a súa titularidade.
2. Para a súa selección, constituirase unha Comisión coa seguinte composición:
 - Presidencia: persoa titular da Subdirección xeral de Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.
 - Vogais:
 - Persoa titular da Subdirección Xeral de Centros ou persoa en quen delegue.
 - Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.
 - Persoa directora da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ou persoa en quen delegue.
 - Persoa titular do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
 - Dúas persoas xerentes de proxectos de Educación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ou persoas en quen deleguen.
 - Dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha das cales realizará a función de persoa secretaria.
3. As solicitudes valoraranse tendo en conta os seguintes criterios:
 - 3.1. Viabilidade do proxecto de centro e das súas condicións tecnolóxicas: ata 50 puntos.
 - 3.2. Grao de implicación da comunidade educativa manifestado por medio do apoio recibido por parte do Claustro do profesorado e do Consello Escolar: ata 50 puntos.
4. Para garantir a calidade dos proxectos e a súa adecuada aceptación por parte da comunidade escolar, só serán seleccionados os centros que alcancen unha puntuación mínima de 30 puntos en cada un dos criterios sinalados no parágrafo anterior.
5. A comisión de selección, para os efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, poderá solicitar, por medio da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa, informes aos Servizos Territoriais de Inspección Educativa ou ás persoas técnicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).





6. A comisión de selección publicará no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>, a resolución provisional de centros seleccionados para participar no proxecto E-Dixgal durante o curso 2025/26.

No caso de que o número de centros con valoración favorable de proxecto supere os límites establecidos no apartado primeiro, a comisión de selección poderá realizar unha proposta superior ao devandito límite, xustificada na viabilidade dos proxectos e dentro dos límites tecnolóxicos da plataforma que dea soporte ao Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) e dos recursos tecnolóxicos e formativos dispoñibles.

Contra a dita resolución provisional poderán presentarse reclamacións ou renuncias obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "E-Dixgal", no prazo dos 5 días hábiles seguintes ao da súa publicación, que se dirixirán á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Para a súa presentación, poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Tras a súa valoración e resolución, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que resolverá a relación final de centros seleccionados.

A resolución definitiva dos centros participantes no proxecto E-Dixgal durante o curso 2025/26 publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no Portal Educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data de publicación desta resolución.

Noveno. *Compromiso de permanencia e continuidade de centros no proxecto E-Dixgal*

1. Os centros de nova incorporación manterán o proxecto durante catro cursos





académicos dende que se complete a súa implementación na etapa educativa que corresponda.

2. Os centros que teñan vixente o compromiso de permanencia, continuarán no proxecto, nas mesmas condicións previstas na convocatoria pola que accederan, ata o remate do seu compromiso, polo que non precisarán realizar unha nova solicitude.
3. Entenderase prorrogada a permanencia por dous cursos académicos para aqueles centros que rematen o seu compromiso de permanencia no curso 2024/25.

No caso de que non desexen prorrogar, formalizarán unha solicitude de renuncia motivada, na que constará a aprobación do Claustro e do Consello Escolar, dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Esta solicitude presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario electrónico normalizado (código PR004A), que se deberá identificar coa denominación "Renuncia de continuidade no proxecto E-Dixgal", no prazo dos 10 días hábiles que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo.

Para a súa presentación poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Décimo. *Compromisos dos centros educativos*

Os centros educativos que participen no proxecto Edixgal asumirán os seguintes compromisos mínimos:

1. Desenvolver o proxecto segundo as bases establecidas nesta convocatoria e as pautas establecidas nel e incorporalo ao proxecto educativo do centro.
2. Divulgar, en colaboración coa Administración educativa, a iniciativa entre toda a comunidade educativa, facendo especial fincapé no alumnado e nas familias, para garantir que dispoñan da información necesaria para o desenvolvemento do proxecto. Para este fin, organizarán no primeiro trimestre do curso unha xornada informativa sobre o proxecto para as familias implicadas.
3. Identificar á persoa coordinadora e profesorado E-Dixgal nas aplicacións correspondentes, nos prazos que se establezan para tal efecto.





4. Garantir a participación activa da persoa coordinadora E-Dixgal e dalgún membro do equipo directivo nas reunións de traballo que desde a Administración educativa se establezan.
5. Sinalar na aplicación Xade, antes do 20 de xuño de 2025, as materias E-Dixgal e aquelas que contén con libro de texto tanto en educación primaria e secundaria. Na mesma data, remitirá copia ao Servizo territorial de inspección educativa.
6. Asegurar que o Plan Dixital do centro recolla e garanta actividades de formación para o alumnado en todos os cursos E-Dixgal, relativas á navegación segura, protección da privacidade e riscos e adicións no mundo dixital.
7. Participar nas actividades de formación vinculadas ao proxecto, planificadas tanto desde o centro como desde a Consellería, asumindo este compromiso o profesorado implicado, a persoa coordinadora E-Dixgal e o equipo directivo. Os centros de nova incorporación artellarán obrigatoriamente a formación no centro no marco dos Plans de Formación Permanente do Profesorado, para o que recibirán o asesoramento da Rede de Formación do Profesorado.
8. Colaborar na identificación e promoción das boas prácticas en educación dixital, en coordinación coa Consellería e AMTEGA, tanto en ámbitos formativos como de divulgación e comunicación.

Undécimo. *Compromisos da Administración educativa*

A Administración educativa comprométese a desenvolver as seguintes actuacións:

1. Asesoramento, apoio e asistencia técnica, segundo corresponda, do persoal asesor da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, do persoal de AMTEGA e das persoas asesoras Abalar de zona, así como da Rede de Formación do Profesorado.
2. Seguimento e supervisión do proceso de desenvolvemento polos Servizos territoriais de inspección educativa.
3. Potenciación do traballo en rede dos centros e do profesorado para o intercambio de coñecementos e experiencias.
4. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros educativos, entre outros medios, mediante canles institucionais coma a rede de formación permanente do profesorado ou plataformas colaborativas coma o espazo Abalar.
5. Actualización, de ser o caso, dos recursos e equipamentos vencellados ao proxecto.





Décimo segundo. *Coordinación do proxecto*

A dirección do centro designará unha persoa como coordinadora do proxecto, dando prioridade á súa formación específica en relación ao emprego e dinamización das TIC e á súa experiencia. Preferentemente será entre o profesorado con destino definitivo do centro, con asignación horaria, sempre que haxa dispoñibilidade, dentro do seu horario lectivo e/ou complementario.

Establécense, segundo a dispoñibilidade do centro, os seguintes tramos de asignación horaria mínima semanal:

- Centros cun número de alumnado E-Dixgal inferior o igual a 90: 1 sesión.
- Centros cun número de alumnado E-Dixgal comprendido entre 91-150: 2 sesións.
- Centros cun número de alumnado E-Dixgal comprendido entre 151-210: 3 sesións.
- Centros cun número de alumnado E-Dixgal maior a 210: 4 sesións.

Décimo terceiro. *Recoñecemento*

O profesorado de centros participantes no proxecto E-Dixgal, que active e regularmente traballe no Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) para o uso na súas clases e/ou co seu alumnado, recibirá unha certificación como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado.

No caso da persoa coordinadora do proxecto E-Dixgal, esta certificación terá unha equivalencia de 50 horas como actividade de innovación educativa.

Décimo cuarto. *Avaliación*

A Consellería e AMTEGA realizarán un seguimento e unha avaliación da implantación e do desenvolvemento do proxecto nos centros adscritos ao proxecto E-Dixgal.

O incumprimento das condicións e dos compromisos recollidos nesta resolución poderá ocasionar a exclusión do centro do proxecto.

Décimo quinto. *Difusión dos traballos*

A Xunta de Galicia resérvase o dereito de difundir os traballos e experiencias realizados no desenvolvemento do proxecto polos centros adscritos ao proxecto E-Dixgal. Estes materiais difundiranse baixo a licenza "Creative Commons" BY-NC-SA, que combina as propiedades "recoñecemento" - "non comercial" - "compartir igual".





Décimo sexto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétimo. Eficacia

Esta Resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Asinado electronicamente.

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Nova

